

Condicións de renovación tarxeta PassVigo

Segundo perfil

Perfil Normal

Renóvanse automaticamente, a condición de que o titular manteña empadroado co mesmo nº de documento de identidade co que rexistrou.

Perfil estudante

Anualmente debe achegarse o certificado de matriculación do centro de estudos de Vigo con data do curso vixente.

Perfil universitario

Renóvase automaticamente para todos os alumnos da Universidade Uvigo.

Os estudantes estranxeiros e Erasmus deben manter o mesmo número de documento identificativo co que fixeron a súa solicitude (NIE ou Pasaporte), pola contra deberán achegar matricula do curso vixente.

Perfil Social

Cada 6 meses, achegando a demanda de emprego actualizada e o certificado do subsidio de desemprego co importe da cuantía ou RAI actualizado.

Perfis de pensionistas 1 e 2

Renóvanse automaticamente a condición de que sexan pensións da Seguridade Social, PNC ou titulares de RISGA e as tarxetas fosen dadas de alta co DNI do titular.

No caso de menores, se non dispuña de DNI do menor deberá achegarse o certificado actualizado do ano en vigor, de pensión ou axuda por fillo a cargo.

No suposto de pensións RISGAS da Xunta, os beneficiarios deberán achegar o certificado vixente da pensión correspondente.

Para as pensións do estranxeiro, deberán achegar o último recibo do banco da pensión que perciben ou constancia electrónica da pensión e certificado da Seguridade Social informando de se percibe outro tipo de pensións.

O periodo de renovación será, en tódolos casos, será nun prazo de un mes antes da data de caducidade.

Realiza todas as túas xestións online en <https://passvigo.vigo.org/>